

L.O.P.E.Z
MODA

Visítenos en:

Carretera de Castilla, 834 JUBIA - NARÓN - Telf.: 981 38 24 51



ESTÁ PREVISTO QUE EMPECEN A FUNCIONAR O 1 DE OUTUBRO

Orientadores laborais e un técnico de emprego para ensinar a superar a crise

REDACCIÓN **Narón**

O concello de Narón, dende o servizo sociocomunitario municipal, ten previsto por en marcha, a partir do 1 de outubro, un servizo de asesoramento para intentar paliar a crise económica actual, dando consellos aos veciños para poder chegar o mellor posible a fin de mes.

Un equipo formado por ca-

tro orientadores laborais e un técnico de emprego, encargaranse de asesorar aos veciños e veciñas de Narón

■ **Asesoramente e seminarios para paliar os efectos da crise económica**

de cara a paliar os efectos negativos da crise económica, tanto a nivel doméstico

como comercial e industrial.

Xunto a este equipo asesor, o concello espera levar a cabo, a partir do próximo mes de outubro, uns seminarios determinados que sirvan para ofrecer ferramentas para poder resolver os efectos da crise económica actual nos diferentes eidos.

Así dende o Concello pretenden buscar solucións aos problemas dos veciños.

Preto de 400 visitantes na oficina de turismo

Máis de 350 visitantes achegáronse ata a oficina de turismo de Narón, durante os dous meses que leva aberta a oficina de turismo de Narón ubicada en Freixeiro, xunto á rotonda da AP-9.

Unha oficina na que, ademais de darse información sobre o concello, achégase aos visitantes información sobre toda a comarca.



Oficina de turismo de Narón

Dos usuarios, a maioría eran veciños da comarca,

pero tamén visitantes procedentes de Asturias, País Vasco, Castela León e Madrid, pero tamén de turistas chegados de Inglaterra, Francia, Australia e Italia. A información, máis demandada, a de Narón e comarca, rutas de senderismo, aloxamentos, festas e sobre o Camiño de Santiago.

O Concello de Narón pon en marcha o I Plan de Igualdade para as mulleres

Co obxectivo de fomentar a igualdade entre homes e mulleres e concienciar á sociedade nesta igualdade, o concello de Narón, a través da concellería de igualdade e atención ás persoas maiores, pon en marcha unha serie de accións dentro do seu I Plan de igualdade para as mulleres.

Entre as accións a desenvolver, atópase un obradoiro de cociña para eles e un de arteiras para elas. Os homes aprenderán a facer a cociñar platos caseiros, facer a com-

pra e coñecer os útiles de cociña, mentras elas aprenden a facer pequenas reparacións eléctricas, de fontanería e mesmo pequenos trucos de bricolaxe.

Para os máis cativos, as actividades previstas desenvolveranse a través dunha ginkana coeducativa onde, ademais de aprender a facer as tarefas da casa, os participantes disfrutaran dos xogos populares feitos con material reciclado.

Para os adolescentes, vai dirixido o obradoiro Quero ser

DJ, onde aprenderán a pinchar discos, facer mezclas, editar audios ou facer os seus propios montaxes.

Estas actividades desenvolveranse nos diferentes centros cívicos entre setembro e novembro, cunha duración de cinco horas repartidas en dúas xornadas.

Accións todas elas englobadas dentro do Plan de igualdade co que, o concello de Narón, pretende concienciar á sociedade e as familias na importancia da educación en igualdade.

Concello e Xunta poñen en marcha un plan experimental de emprego

O concello de Narón porá en marcha un programa experimental de emprego, no que participarán un total de 50 desempregados de difícil inserción laboral, prestando unha especial atención ás mulleres desempregadas e aos desempregados maiores de 45 anos.

O programa, que ser porá en marcha en outubro, ten como obxectivo colocar, alomenos a o 40% dos participantes.

Cunha inversión total de 97.573,87 euros, dos que a Consellería de Traballo achega 76.000 euros, leva-

rase a cabo un plan experimental de emprego no que se abordarán accións formativas así como prácticas laborais.

Dentro das accións previstas, tamén se inclúe o desenvolvemento de habilidades de búsqueda activa de emprego, técnicas de desenvolvemento persoal, motivación e mellora da autoestima, tutela e acompañamento de proxectos e microempresas, información do mercado laboral, acompañamento e visitas de emprego e empresas e mesmo contará cun equipo técnico para o plan experimental.



Centro de formación municipal de Narón

La A.VV. Piñeiros programa multitud de actividades para este curso

La Asociación de Vecinos de Piñeiros ha preparado un amplio programa de actividades de cara a este curso. Unas actividades en las que podrán participar tanto los socios como los no socios y que darán comienzo en octubre.

Así desde la asociación se han ofertado tanto actividades culturales como dibujo y pintura, informáti-

ca, guitarra, solfeo, órgano, taller de estimulación de la memoria, cursos de fruticultura, de manipulador de fitosanitarios, bailes latinos, y también deportivos como tenis, yoga y fútbol sala.

Para más información e inscripciones pueden dirixirse al local social de Piñeiros o en los teléfonos 630758663 o 981382857.